

A loita obreira: a defensa dos intereses xerais

Amelia Pérez

Secretaría xeral da Unión Comarcal de CCOO de Vigo

Ao abeiro dun novo Primeiro de Maio, data tan significativa para a clase traballadora e momento imprescindible para a reflexión, decatámonos de que aínda que os obxectivos muden de nome, a esencia da nosa loita é sempre a mesma: a defensa dos intereses xerais, a apertura de espazos para o movemento obreiro e a posta en valor do papel de CCOO. Somos conscientes de que temos que estar nos temas importantes que afectan á cidadanía, e tócanos a nós defender as cousas como son, como é a realidade e non como a conta algunha parte interesada.

Así, levamos moito tempo loitando pola nosa sanidade na bisbarra porque o Goberno do PP enganou a cidadanía nun tema vital como é o da saúde. Proxectara un grande hospital público para a zona sur da provincia, disque referente no eido europeo en especialidades como a oncoloxía, maternidade, etc. E que temos? Temos un hospital máis pequeno, mal estruturado, deficiente en persoal e material... e de xestión privada. Tamén están desmantelando o hospital do Meixoeiro e queren modificar o uso sanitario dun dos anexos do antigo Hospital Xeral, anexo moi necesario e que se remodelou hai pouco.

Queremos reverter a situación

O sindicato loita por reverter esta situación. Queremos servizos sanitarios de calidade, universais, gratuítos e públicos. Por iso, o vindeiro 12 de maio



Amelia Pérez

volveremos ás rúas de Vigo.

Temos outros retos, como a construción da Cidade da Xustiza, pendente da súa instalación no emblemático edificio do antigo Hospital Xeral e aí estaremos, velando por que o proxecto se axuste ás necesidades da Administración da xustiza na nosa cidade.

Ao tempo, continuamos co labor institucional –especialmente co Concello de Vigo– a prol do noso ámbito territorial: Consello Social da Muller, Participación Cidadá, Consello Social de Accesibilidade, plans de emprego, Consello Escolar Municipal, Consello Sectorial de Migracións, Consello Social de Vigo, Consello Sectorial de Transporte, Consello Social da Lingua ou Consello Municipal de Cooperación ao Desenvolvemento. Tamén temos presenza institucional noutros concellos da bisbarra: Consello Municipal da Muller de Redondela, Conse-

Levamos moito tempo loitando pola nosa sanidade na bisbarra porque o Goberno do PP enganou a cidadanía nun tema vital como é o da saúde. Proxectara un grande hospital público e temos un máis pequeno e de xestión privada

llo Escolar Municipal de Cangas, Consello Municipal de Ponteareas, Consello Social de Cangas ou CEIFT de Ponteareas.

Por fin, após anos de desacordos, ponse en marcha a área metropolitana de Vigo. O pasado mes de febreiro asináronse as bases para a creación do novo ente. A área estará integrada por Vigo e trece concellos máis da bisbarra. O obxectivo é claro: crear unha entidade local supramunicipal con capacidade para xestionar aqueles servizos públicos que a propia realidade social, demográfica e económica dos concellos integrantes recomenda planificar e prestar de xeito coordinado en todo o territorio metropolitano.

Continuamos, tamén, en contacto –sempre proveitoso– coa Universidade de Vigo, co obxectivo de establecer sinerxías de cara a proxectos e formulacións que beneficien a maioría social desta cidade.

E no medio de todo isto, están na axenda do sindicato temas sociais que desde aquí tamén estamos a denunciar: o TTIP, a violencia de xénero, a situación das persoas refuxiadas, etc.

En consonancia cos valores que promovemos e divulgamos, este ano a Unión Comarcal de CCOO de Vigo concede os premios Primeiro de Maio ao Compromiso Social e á Solidariedade a Rosa Fontañá, loitadora incansable contra a violencia de xénero, e Intermón Oxfam, polo seu bo facer coas persoas refuxiadas.

Remato cunha cita que resume todo canto expuxen anteriormente: «do traballo do obreiro nace a grandeza das nacións».